

ÍNDICE

- **INTRODUCCIÓN**
- **ÁREAS DE ACTUACIÓN**
 1. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR
 2. EDUCACIÓN-FORMACIÓN-EMPREGO
 3. MOCIDADE
 4. ASOCIACIONISMO
 5. PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO
- **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

INTRODUCCIÓN:

O Plan municipal para a igualdade de oportunidades do Concello de Santiago (2005-2008) ten como obxectivo **impulsar o cambio necesario para equilibrar a participación de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade.**

Este plan nace da convicción de que as políticas de igualdade benefician ao conxunto da poboación e son necesarias para avanzar cara a unha sociedade que poida denominarse democrática e xusta.

O desenvolvemento da igualdade de oportunidades é unha prioridade clave da Unión Europea. A Comisión Europea recoñeceu a igualdade de oportunidades como “un principio básico de democracia e respecto pola humanidade”. É evidente que, na actualidade, unha parte substancial dos obstáculos para o logro dunha igualdade na práctica, non son de carácter xurídico, senón que derivan esencialmente da concepción estereotipada sobre a división de papeis entre o home e a muller na sociedade. Tívoise en conta a sintonía entre este Plan e a estratexia marco comunitaria.

O procedemento de elaboración do Plan de igualdade iniciouse abrindo dúas vías interrelacionadas: a vía de concienciación e implicación do resto de áreas municipais e a vía de colaboración da cidadanía. O día 23 de setembro celebrouse unha xornada de traballo do Consello da Muller (órgano consultivo e de participación na vida municipal das cidadás compostelás), na que resultou aprobado un protocolo de actuación co obxectivo de delimitar as actuacións a

levar a cabo no proceso de deseño e posta en marcha do plan e da coordinación entre todas as entidades implicadas no seu desenvolvemento.

Durante a elaboración do plan, **asociacións de mulleres, grupos políticos e persoal técnico municipal traballaron nas súas respectivas áreas, que se foron perfilando de maneira consensuada ata a súa aprobación definitiva.**

ÁREAS E ACCIÓNS

MATERIAS TRANSVERSAIS:

- ☰ Revisar a linguaxe empregada na documentación, tanto interna como externa, para evitar usos sexistas. **Elaborar un documento con recomendacións sobre o uso dunha linguaxe non sexista e promover a súa aplicación en todos os departamentos municipais.**
- ☰ Estudar a viabilidade da **inclusión da variábel sexo** nas bases de datos utilizadas nas diferentes áreas municipais e velar porque se **realice unha desagregación por sexo** en todos os informes, memorias e estatísticas realizadas.

ÁREA DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Obxectivo 1.- Avanzar no reparto de responsabilidades familiares e domésticas.

Actuacións:

- Realización dunha **campaña de sensibilización e concienciación sobre a importancia e necesidade dun cambio de actitude con respecto ao reparto das responsabilidades nas tarefas domésticas e familiares**, dirixida á poboación masculina desta cidade.
- Desenvolver **actuacións que contribúan á mellora do benestar das mulleres e ao seu crecemento persoal** mediante a realización de obradoiros de autoestima, autonomía persoal, etc., e facilitándolles tamén ás mulleres de Santiago o acceso aos servizos de asesoramento psicolóxico do Concello e doutros existentes na cidade.
- Levar a cabo unha **campaña de dignificación do traballo doméstico**. Fomentar mediante campañas educativas o concepto do traballo non remunerado, relacionado co ámbito familiar. Recoñecer o valor social e económico deste traballo e o seu valor engadido como fonte de satisfacción persoal.
- Proxecto de concienciación/sensibilización sobre a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares mediante **talleres educativos en escolas de pais/nais, AMPAS, AAVV**, etc.

Obxectivo 2.- Conseguir que as mulleres de Santiago dispoñan de información suficiente sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes.

Actuacións:

- **Información sobre os dereitos laborais das mulleres:** levar a cabo unha campaña divulgativa sobre os dereitos sobre igualdade de trato entre mulleres e homes en materia de retribucións, acceso á promoción, prestacións da seguridade social, etc.
- **Elaboración dunha guía de recursos relacionados co apoio no coidado de persoas dependentes** (nenos/as, persoas maiores, persoas enfermas...).
- **Informar ao colectivo feminino e a toda a poboación sobre as normas legais existentes en torno aos dereitos das mulleres** (Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro, Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero). Neste proxecto terase en conta as dificultades das zonas rurais de Santiago e tratarase de achegar a información aos núcleos de poboación máis afastados.

Obxectivo 3.- Fomentar servizos e recursos que permitan conciliar os ámbitos doméstico, privado e público.

Actuación:

- **Promoción do servizo municipal de canguros.** Estudo e análise da conveniencia da modificación e ampliación das bases de prestación, co

obxecto de axustalas ás necesidades da poboación destinataria. Levar a cabo tamén unha campaña de divulgación e difusión do servizo.

ÁREA DE EDUCACIÓN-FORMACIÓN-EMPREGO

Obxectivo 1.- Contribuír á creación dun modelo de socialización igualitario para ambos os sexos.

Obxectivo 2.- Sensibilizar e formar en materia de coeducación e sistema sexo/xénero a profesionais e entidades relacionadas cos diferentes ámbitos da educación.

Obxectivo 3.- Conseguir unha educación non discriminatoria e impulsar os estudos realizados por mulleres.

Actuacións:

- **Realización de obradoiros de xénero e igualdade** dirixidos aos centros de ensino, co obxecto de sensibilizar e concienciar aos/ás mozos/as e aos/ás nenos/as sobre estas cuestións e nos que se inculque o principio de igualdade de oportunidades.
- **Difundir a través dos centros socioculturais, asociacións de pais e nais, xuvenís, etc., recomendacións de literatura infantil e xuvenil non sexista.**

- **Cursos de formación sobre a cuestión do xénero e a igualdade** dirixidos ao persoal do Concello que traballe con mozos/as, co obxecto de **contribuír á eliminación de estereotipos sexistas e de actitudes discriminatorias.**
- **Promover a convocatoria do Premio 25 de novembro: Educando na convivencia en igualdade**, co lema: "A miña visión da violencia de xénero" e dirixido ao alumnado de entre 14 e 18 anos de idade.
- **Promoción do Premio de investigación Xohana Torres**, co obxectivo de fomentar e apoiar os estudos de investigación realizados por mulleres e referidos a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade.
- **Conmemorar as datas significativas que contribúen a facer visíbel a condición da muller** e difundir as actividades desenvolvidas con tal fin entre o conxunto da poboación (celebración do 8 de marzo, 25 de novembro...).

Obxectivo 4.- Promover a formación das mulleres de Santiago coa fin de favorecer a súa incorporación e continuidade no mercado laboral e mellorar as súas oportunidades de emprego.

Actuacións:

- Mantemento e promoción do **curso de preparación para a obtención do graduado en educación secundaria** para mulleres.
- Realización de **cursos de acceso ás novas tecnoloxías** dirixidos a mulleres.
- Realización de **cursos de formación ocupacional** para mulleres en coordinación coa axencia de desenvolvemento local.

- Estabelecer **nexos de colaboración con asociacións laborais e sindicatos** que poidan achegar a súa experiencia en temas relacionados coa discriminación da muller no ámbito laboral (acoso sexual, igualdade de salarios, etc.) e sobre a promoción dos dereitos laborais que asisten ás mulleres (baixas de maternidade/paternidade, recursos económicos ao seu alcance, permisos de lactación, liñas de estímulo, etc.).
- **Apoiar os proxectos encamiñados a posibilitar a incorporación da economía somerxida ao mercado de traballo legal.**

Obxectivo 5.- Fomentar e apoiar á participación das mulleres na actividade empresarial.

Actuacións:

- Ofrecer **asesoría xurídica, financeira e laboral para as mulleres emprendedoras e para as empresas creadas por mulleres**, a través da coordinación coa Axencia de Desenvolvemento Local.
- **CONTRATACIÓN: 1. O Concello estudará a viabilidade de establecer como mérito engadido nos pregos de condicións para a contratación pública de servizos con empresas provedoras que estas realicen as mesmas medidas de acción positiva de conciliación da vida familiar e laboral.**
- Fomentar a **creación de redes de mulleres emprendedoras para o intercambio e a cooperación.**

ÁREA DE MOCIDADE

Obxectivo 1.- Promover nos rapaces/zas e na poboación de Santiago en xeral, hábitos de vida saudábeis, entendendo saúde de forma integral: bio-psico-social e sexual.

Actuacións:

- Realización de **talleres de saúde dirixidos á poboación adolescente e infantil** para previr hábitos de vida non saudábeis. Coordinación coa UMAD
- Realización de **talleres dirixidos á poboación adolescente e xuvenil de ambos os dous sexos sobre educación sexual e afectiva** desde a perspectiva de xénero.

ÁREA DE ASOCIACIONISMO

Obxectivo 1.- Promover a participación das mulleres de Compostela na esfera social e política.

Obxectivo 2.- Fomentar a cooperación e a presenza das mulleres no movemento asociativo.

Actuacións:

- Mantemento e promoción das **subvencións** de apoio ao movemento asociativo feminino de Compostela.

- Contribuír a **aumentar o grao de coñecemento das mulleres de Compostela sobre a oferta de actividades lúdico-culturais e formativas**, a través dunha comunicación permanente coa Concellaría da Muller e as asociacións e colectivos de mulleres desta cidade.
- Promoción e ampliación dos **fondos de material bibliográfico en temas de muller** das asociacións e colectivos de mulleres desta cidade.
- Desenvolvemento de **programas de formación co obxecto de mellorar os niveis de organización, xestión e administración das asociacións de mulleres**. Formación en temas de xestión, habilidades e destrezas (liderado, resolución de conflitos...) que se requiren para exercer a toma de decisión en grupos, organizacións, asociacións...

ÁREA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo 1.- Potenciar a sensibilización e información da cidadanía de Compostela sobre as súas causas e consecuencias, así como sobre os recursos para as vítimas da violencia doméstica.

Obxectivo 2.- Fomentar a implicación da comunidade na prevención da violencia exercida contra as mulleres e na reprobación social deste tipo de condutas.

Obxectivo 3.- Procurar unha atención integral e inmediata ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Actuacións:

- Realización dunha **campaña de sensibilización dirixida aos diferentes axentes sociais, profesionais sanitarios, avogados/as**, etc., co obxecto de evitar a revitimación da muller maltratada e mellorar a asistencia-rehabilitación a nivel policial, xudicial, psicolóxica, sanitaria e social das vítimas da violencia.
- Realizar **reunións informativas con todas as entidades e recursos sociais** de Santiago co obxectivo de difundir os servizos da Concellaría da Muller a respecto da intervención e apoio ás vítimas de malos tratos.
- Promover a **difusión de información na zona rural** de Santiago, **sobre os recursos existentes de atención ás vítimas da violencia doméstica** (utilizaranse como ponte as asociacións veciñais).
- Realizar **reunións técnicas cos diferentes servizos sanitarios, sociais, policiais, xudiciais**, etc., co obxectivo de alcanzar unha **coordinación no traballo con mulleres e nenos/as vítimas de malos tratos**.
- Promover a **creación dunha comisión de traballo permanente con representantes de todas as entidades**. (Elaboración dun protocolo de actuación en relación a unha atención integral ás vítimas de maltrato doméstico).
- **Facilitar información actualizada ás mulleres**, especialmente ás vítimas de agresións, sobre todos os recursos existentes no concello e fóra del, que presten apoio físico, psicolóxico, emocional, económico e social.
- Realización dun **estudo sociolóxico sobre o fenómeno da prostitución en Compostela de cara a levar a cabo un deseño de actuacións concretas no plano de prevención de situacións de risco social**.

AVALIACIÓN:

A avaliación levarase a cabo desde dous puntos de vista: cualitativo e cuantitativo. No relativo á **avaliación cuantitativa** realizarase un rexistro das actuacións postas en marcha e finalizadas así como das que non puideron iniciarse ou finalizarse. Así mesmo, contabilizarase o número de mulleres que participen en cada unha das actividades.

A **avaliación cualitativa** centrarase na información que poden proporcionar as/os diferentes axentes sociais, organismos, asociacións e departamentos implicados no seu correcto desenvolvemento así como as/os destinatarias/os participantes nas actividades realizadas. Terase en conta o grao de execución real así como a profundidade e arraigo logrado en cada actuación concreta.

En todas as actividades realizadas recollerase, mediante unha enquisa, a opinión dos/as participantes, valorando a forma de execución, o cumprimento das expectativas previstas, etc., coa finalidade de coñecer a eficacia dos obxectivos propostos e de avaliar e, se é o caso, axustar o plan.

Para a análise do plan de igualdade propoñemos unha tipoloxía das accións que inclúe e que ten en conta os seguintes aspectos:

- I. **Tipo de intervención**, que comprende sete categorías:
 - a. Información e divulgación
 - b. Sensibilización
 - c. Orientación e asesoramento
 - d. Formación e promoción
 - e. Fomento e apoio
 - f. Coordinación e mobilización de recursos externos

g. Estudos, investigacións e avaliacións.

II. Estratexia de actuación, que comprende tres categorías:

- Actuación sobre o coñecemento
- Actuación directa
- Creación e desenvolvemento de organizacións e estruturas.

III. Responsábeis de execución, que comprende cinco categorías:

- Concellaría da Muller
- Concello en xeral e/ou Concellaría da Muller con outras concellarías
- Concellaría da Muller ou Concello con outras administracións públicas ou organismos que xestionan fondos públicos
- Concellaría da Muller ou Concello con outras entidades privadas
- Colaboración múltiple

IV. Poboación destinataria, que comprende sete categorías:

- Mulleres por ámbitos ou colectivos específicos
- Mulleres en xeral
- Profesionais, técnicas/os, mediadoras/es, formadoras/es
- Colectivos específicos
- Administración
- Destinatarias/os múltiples
- Sociedade en xeral

Efectuaranse avaliacións parciais cada ano e a avaliación definitiva será unha vez finalizado o período de vixencia do Plan; elaborárase, deste xeito, un informe-memoria coas conclusións finais.